

XII CONCURSO DE DESEÑO "O BALONCESTO E O NADAL"

A Federación Galega de Baloncesto convoca a **XII edición do Certame de DESEÑO "O Baloncesto e o Nadal"**, actividade que promove a creación da Postal de Nadal que a Federación Galega de Baloncesto enviará durante esas datas festivas para felicitar a todos os clubs, institucións e afeccionados. Así como para ubicar na súa web oficial (www.fegaba.com) durante ese tempo.

Para participar é preciso enviar unha obra e deseño persoal que reúna os REQUISITOS que a continuación se estipulan:

Poderán presentar os seus deseños e traballos todos aqueles xogadores e xogadoras federados, que pertencen ás categorías dende Preminibasket ata Cadete, que desexen expresar as súas inxedanzas cara a pintura e o deseño relacionando dúas temáticas: O Baloncesto e a festividade de NADAL.

Os xogadores e xogadoras que desexen participar poderán enviar á Federación Galega de Baloncesto a súa creación. Esta poderá estar realizada a man ou mesmo a través de ordenador, en Branco e Negro ou a Cor.

O tamaño máximo do traballo será DIN A4, podendo presentarse en menor tamaño se así se desexa. O material do mesmo poderá ser todo aquel tipo de papel que se axuste ás condicións indicadas.

Os traballos presentados terán que entregarse nun sobre pechado no que se introduza a obra a concurso e no que se especifique o título da mesma e os datos persoais e propios do participante (DNI, nome completo, idade, dirección e club ao que pertence).

O sobre anteriormente citado deberá presentarse en persoa na Delegación FGB Zonal correspondente a cada participante, ou ben, a través do correo, na sede central da FGB en Santiago (Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 14. C.P.15707. Santiago de Compostela. A Coruña)

Data de entrega

A data límite para facer efectiva esta entrega será a do día **20 de decembro de 2021**.

XII CONCURSO DE DESEÑO "O BALONCESTO E O NADAL"

Premios e agasallos

A Federación Galega de Baloncesto galardará ao 1º premio con:

- Pack de roupa deportiva
 - Camiseta de xogo da Selección Galega*
 - Camisa Técnica FGB*
 - Sudadeira oficial FGB*
 - SoftShell.*
- Pack de Productos "Leyma Natura"
- Balón oficial Molten
- Libro "50 anos do Baloncesto en Galicia"
- Pizarra Oficial Federación Galega de Baloncesto

A Federación Galega de Baloncesto galardará ao 2º premio con:

- Pack de roupa deportiva
 - Camiseta de xogo da Selección Galega*
 - Camisa Técnica FGB*
 - Sudadeira oficial FGB*
 - SoftShell.*
- Pack de Productos "Leyma Natura"
- Libro "50 anos do Baloncesto en Galicia"

Así mesmo, as 20 primeiras postais en chegar oficialmente a este XII Certame recibirán un obsequio como mostra e recoñecemento ao seu esforzo.

Concesión e Publicación

A concesión dos premios farase baixo a responsabilidade dun xurado composto polo Presidente da FGB, o Vicepresidente da FGB, e o responsable do departamento de comunicación.

XII CONCURSO DE DESEÑO "O BALONCESTO E O NADAL"

A publicación dos galardóns farase efectiva o día 22 de decembro de 2021, tanto na web www.fegaba.com como nas redes sociais da propia Federación Galega de Baloncesto. Así mesmo, todas as postais participantes serán expostas no propio Facebook da Federación Galega de Baloncesto.

A participación no IX Concurso de Deseño "O Baloncesto e o Nadal" implicará a cesión do uso público do deseño dos mesmos á Federación Galega de Baloncesto.

A Federación Galega de Baloncesto resérvase o dereito de declarar deserto o resultado do concurso, así como o seu premio, se a calidade dos traballos recibidos non se axusta a un criterio lóxico mínimo.